



*Resolución do 6 de maio de 2021 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproba a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia **no corpo de profesores de música e artes escénicas (594), especialidades de acordeón (401), arpa (402), frauta travesa (410), fundamentos de composición (412), guitarra (414), piano (433), violín (433) e linguaxe musical (460).***

Por unha Resolución do 30 de xuño de 2020, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, convocouse un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de música e artes escénicas nas especialidades reseñadas no parágrafo anterior e outras.

Por unha resolución do 19 de abril de 2021, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, aprobouse a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións no corpo de profesores de música e artes escénicas en diversas especialidades de acordeón (401), arpa (402), frauta travesa (410), fundamentos de composición (412), guitarra (414), piano (433), violín (433) e linguaxe musical (460), e publicáronse no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Logo de rematado o prazo para formular reclamacións contra as citadas relacións provisionais e revisadas as reclamacións que formularon as persoas interesadas, procede aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo no citado procedemento, e facelas públicas no portal da Internet desta consellería, de acordo co disposto na base sétima da convocatoria.

En consecuencia, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de música e artes escénicas, especialidades de acordeón (401), arpa (402), frauta travesa (410), fundamentos de composición (412), guitarra (414), piano (433), violín (433) e linguaxe musical (460).





Segundo. Ordenar a publicación no portal da Internet da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, www.edu.xunta.gal da relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e do baremo definitivo (<https://www.edu.xunta.es/substitutoslistas>) indicado no apartado anterior.

Terceiro. Contra esta resolución, que lle pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no citado portal, ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, ante o xulgado do contencioso-administrativo que sexa competente de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

